

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2020 pola que se publica o plan de estudos do máster universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares.

O máster universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares obtivo a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo do informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa implantación. O carácter oficial do título e a súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), estableceuse por Acordo do Consello de Ministros do 1 de setembro de 2020, publicado mediante Resolución da Secretaría Xeral de Universidades do 3 de setembro de 2020 no *Boletín Oficial del Estado* do 17 de setembro.

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 35.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 21 de abril, resolvo:

Publicar o plan de estudos conducente á obtención do título de máster universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares pola Universidade da Coruña, que se estrutura segundo consta no anexo.

A Coruña, 17 de decembro de 2020

Julio E. Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña

ANEXO

**Plan de estudos conducente á obtención do título de máster universitario en
Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares
pola Universidade da Coruña**

Código RUCT: 4317349.

Plan de estudos que se inicia no curso 2020/21.



Estrutura das ensinanzas (Real decreto 1393/2007, anexo I, número 5.1).

1. Rama de coñecemento a que se adscribe o título: Ciencias Sociais e Xurídicas.

2. Distribución do plan de estudos en créditos ECTS, por tipo de materia:

Tipo de materia	Créditos ECTS
Obrigatorias (OB).....	48
Optativas (OP).....	0
Prácticas externas (PE).....	6
Traballo fin de máster (TFM).....	6
Total.....	60

3. Contido do plan de estudos:

Materia	Carácter	Créditos ECTS
Organización e Autonomía dos Centros Escolares	OB	3
Convivencia Escolar, Mediación e Resolución de Conflictos	OB	3
Liderado e Dirección de Centros Escolares	OB	3
Investigación Cualitativa en Educación	OB	3
Investigación-Acción e Innovación	OB	3
Investigación Cuantitativa	OB	3
Tratamento da Información Cualitativa e Cuantitativa na Investigación dentro da Xestión, Avaliación e Diagnose das Institucións Escolares	OB	3
Avaliación de Materiais Curriculares	OB	3
Xestión da Calidade nos Centros Docentes, Autonomía, Transparencia e Rendición de Contas: Plans de Mellora	OB	3
Tecnoloxías Dixitais nos Centros Educativos	OB	3
O Proxecto de Dirección no Marco dos Proxectos Educativos de Centro	OB	3
Planificación Estratéxica dos Procesos na Xestión de Calidade: Proxectos de Dirección	OB	3
Escola e os demais Axentes Educativos: Interaccións	OB	3
Xestión de Recursos Humanos, Económicos e Administrativos	OB	3
Formación Docente e Comunidades de Aprendizaxe	OB	3
A Construción Histórica do Sistema Educativo: Políticas Educativas, Reformas e Dirección de Centros	OB	3
Prácticum	PE	6
Traballo fin de máster	TFM	6

A unidade temporal de todas as materias é cuadrimestral, e no curso existe un equilibrio de créditos entre o 1º e o 2º cuadrimestre.



4. Condicións de terminación.

O alumnado deberá superar 60 créditos ECTS, distribuídos como se indica no punto 2, para obter o título de máster universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares pola Universidade da Coruña.

CVE-DOG: 302efvr6-ubb8-0kp5-rpr4-wjlxstgyua4

